

¡Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte, ago-
(ra,
mañán... na vida e na
(morte!

R. CABANILLAS

A nosa terra

Ano XXX

BÓS AIRES, NOVEMBRO 1946

Núm. 453

**PRINCÍPIOS DO
GALEGUISMO**
1-Galicia, unidade cul-
tural.
2-Galicia, pobo autónomo
3-Galicia, comunidade
cooperativa.
4-Galicia, célula de uni-
versalidades.

A Embaixada Republicán que foi a Chile Hespaña Diante da U. N.

Como xa habíamos anunciado no derradeira número de A NOSA TERRA, unha embaixada estraordinaria, representando ao goberno republicán no exilio, foi a Chile para presentar os seus saúdos e felicitacións ao señor González Videla no aito de

zóns que constituen a Hespaña a gobernárense en por si mesmas.

I este suceso, que marcará un fito na nosa hestoria, non sómentes non os arreda dos demais povos da península, senon que nos ata a eles con cadeas máis

somos iguais, non somos uns máis que outros; aneiamos unha vida de mútuo respeito e de comprensión, que nos permita, dentro dunha armónica convivencia, o desenrolo das nosas actividades, de acordo coas características que nos son doadas

Cando este número salla á rúa, escomenzarase a tratar o "problema hespañol" na Asambléa das Nacións Unidas. (Hai quen asegura que se postergará até o ano que ven).

Sexa agora ou sexa máis tarde, non cabe dúbida que arredor deste asunto, que lles dá moitos doores de cabeza ás "grandes democracias", haberá locidos debates, con elocuentes discursos e as consabidas verbas de que non se debe intervir na política interna de ningún país; que solo os hespañoles están autorizados para cambear de réxime, sen concurso alleo; que é perigoso obrar doutro xeito, pois, dado o carácter orgulloso e quixotesco do pobo peninsular, pódese producir o efecto contrario ao que se desexa, orixinando un agrupamento de forzas ao redor do xefe do Estado — aínda sendo contrarias á súa política —, como protesta por considerar asoballada a soberanía nacional...

Todas estas monsergas, e moitas máis, que de cote se lén nos kornaes, escritas por periodistas que non saben o que dín, ou que dín o que lles mandan as axencias noticiosas, serán publicadas con grandes tiduades na prensa mundial.

A farsa que dou comenzo o ano 36 co maquiavélico Comité de Non Intervención, continuará con máis ou menos desvergonza, pro coa mesma eficacia de entón: sostener un réxime odiado polo pobo, repudiado por case que todas as nacións da terra e posto na picota por feixista, aínda polos mesmos que o manteñen co egoísta intrínseco de sacarlle todo o xugo que poden.

¿Qué importa que haxa un

povo que padesce e pasa fame? ¿Qué importa que Hespaña sexa un país onde a liberdade é un lexano recordo que traspón os lindes da fábula? ¿Qué importa que, despois de dez anos de martirio, aínda se persiga, se encarcele e se mate aos homes por defender o mesmo que defenderon os trunfadores da derradeira guerra? ¿Qué importa que o pobo hespañol queira vivir como un pobo civilizado, onde os dereitos humanos sexan respetados, e non esté sometido a un réxime eiscerado polo mundo enteiro?

Non, señores demócratas, falsos apóstoles dun ideal que non tedes, negreiros que traficades coa doer dun pobo que non cometeu máis delito que loitar pol-a súa liberdade. Polo mesmo que vós loitáchedes, cando pedíades axuda a todos os homes libres do mundo, para que vos acompañasen na cruzada sagrada emprendida contra da besta negra do feixismo.

¿Cómo podedes haber esquecido tan axiña os padecimentos vossos? Xa non vos lembrades das vosas cidades arrasadas pol-as bombas, que destronzaban a milleiros de inocentes, que miraban con ollos de espanto e sorpresa aqueles páxaros monstruosos, anunciadores do fin do mundo. Xa perdéchedes a memoria das vidas preciosas apagadas nos frentes de combate e sepultadas no fondo dos mares...


Pois todo eso sufrímol-o nós tamén, e con máis dureza, porque o noso inimigo, saído do noso propio seo, era moito máis terrible e non respetaba as máis elementaes leis de humanidade. Y esa traxedia nosa perdura e perdurará por causa da vosa insensibilidade. ¿Dádevos conta da horrorosa situación a que nos condenades?

Vos habedes loitado, bravamente, espiéndidamente, como compre a homes que defenden o ben máis preciado da vida; pero nós non hemos sido menos bravos; ao contrario, sen axuda de ninguén, en contra da maior parte do mundo, sen armas, sen esperanzas, loitamos até que non quedou nas nosas mans un anaco de terra que defender.

Vos alcanzáchedes o premio da vosa bizarría; nós fai dous anos que estamos esperando que a nosa patria nos sea devolta e que a xustiza non sexa para nós unha verba sen senso, ou pior, unha verba de desesperación.

Por moi duras que sexan as vosas entranas, ¿non haberá nun currunchiño delas unha migalla de comiseración para o noso pobo?

Refleisionade ben denantes de tomar unha decisión. Pensade que neste intre, do xeito que vós resolvades o caso de Hespaña, depende non sómentes a sorte do noso pobo, senon a sorte do mundo. Agora vamos a ver si a verba "democracia" é nos vossos beizos unha verba vana ou algo que eleve os corazóns cara a un ceo de ventura. A nosa condenación será tamén a vosa.



A Embaixada da República Hespañola camiñando cara o Pazo da Moeda despois da transmisión do mando presidencial

asumir este a presidencia da República.

Nas páxinas centraes verá o lector como o éisito máis halagoso acompañou aos nosos delegados no seu honroso cometido.

Pero esto non é o que nós agora pretendemos destacar. Recoñecendo que o feito ten unha importancia transcendente, a máis de constituir un trunfo diplomático do goberno de Xiral, trunfo que, como é lóxico somos os primeiros en celebrar, queremos referirnos a outro aspecto da cuestión, que non é menos interesante.

Como se fixo notar nun aito reaizado en Mendoza en honor da misión, cando ela voltaba do seu viaxe, ésta é a primeira vez que unha representación do goberno da República Hespañola atópase integrada por delegados do goberno central e dos povos autónomos galego, vasco e catalán.

Tal é o que nós desexamos facer resaltar, porque até non hai moito tempo, falar dunha embaixada constituída como a que foi a Chile, sería incurrir na eiscomunión dos pontífices máisimos republicáns e, dende logo, a ninguén se lle ocurriría propoñela.

Certamente que no goberno eisilado de París hai representantes de Galiza, Vasconia e Cataluña; pero esta representación é, como quen dice, caseira. Isto é, unha representación que non sae do círculo íntimo dos nosos pleitos familiares. En troques, a delegación que foi a Chile, ademais da representación do goberno da República, levaba a dos povos autónomos que, de golpe, pasan ao primeiro plano e adquiren insospeitada xerarquía internacional, recoñecendo así diante do mundo o dereito que teñen as na-

fortes das que até hoxe nos xunguían. Xa non estaremos unidos pol-a forza; atopámonos xuntos pol-a propia vontade no intre máis crítico da nosa patria común, despois de haber sufrido, xuntos tamén, as meirandes persecucións de todos os tempos, por xentes que mouran no noso propio chan.

Somos irmáns na doer e irmáns nas esperanzas; pero todos

pol-a tradición, a laza e as costumes.

O feito auspicioso de Chile, échenos dunha euforia para o porvir, que sinxelamente nos emocia e faínos esquecer agravios que nos magoaban. Ollando a composición da embaixada republicán que visitou á querida nación do Pacífico, un síntese reconfortado e non duvida en eiscramar, sen soma de rencor: ¡Viva Hespaña!

O 7 DE NOVEMBRO

Velai unha data inmortal para a República Hespañola. Este mesmo día do ano 36, o ano do perxurio e da traición militar da nosa patria, o exército mercenario de mouros e lexoarios chegado do Marrocos para asoballar á Hespaña, estrelábase nas portas de Madrid, diante da heroica resistencia dos seus valentes defensores.

Os fíos do telégrafo habían lanzado a noticia de que Madrid caera no poder das tropas falanxistas. Unha mortal tristura eistendeuse polo mundo democrático. Anque o feito era esperado por todos, amigos e inimigos, non por elo deixou de causar unha penosa impresión dos que aneiamos o trunfo do pobo.

Pero era mentira. Ao pouco tempo, voltaron a tremar os fíos reitificando o primeiro anuncio. Non, non era verdade que as tropas insurreitas houberan tomado a capital da Hespaña. Certo que habían chegado até á Porta do Sol, máis de seguida os heroicos defensores do goberno, a forza de coraxe e decisión, lembrando a epopeia do 1808, conseguiron rechazar aos atacantes, que únicamente lougraron conservar algunhas posicións pre-

carias, que tanto sangue lles custou gardar.

Un sospiro de alivio deron os corazóns republicáns e unha no-

FALECIMENTO DO XENERAL POZAS

En México, onde estaba radicado, faleceu este bó defensor da República Hespañola.

Ao fronte do Ministerio da Guerra nos primeiros tempos da loita civil, soupo manter o orden e a disciplina, que eran necesarios para vencer.

Ao mando logo de divisións do exército republicán, portouse sempre como un verdadeiro militar e como un xefe coscente e valeroso, que sabe cumprir co seu deber.

Era galego e dunha modestia eismprar, que para si quixeran xentes que a todas horas teñen nos beizos verbas altisonantes, alardeando de patriotismo, e non son máis que uns perfeitos ególatras e ambiciosos.

Repouse en paz este bó republicán, bó militar e bó galego, que non tivo a dita de ver reconquerida a República por que loitou

va esperanza inundounos de gozo. Era un milagre, un verdadeiro milagre, pero o milagre habíase feito. ¿Por qué non se había de producir tamén o resto? ¿Por qué non se había de poder trunfar das hordas salvaxes que o feixismo lanzara sobor da Hespaña liberal e democrática?

¡Ai! Esto xa era outra cousa. Non sómentes dependía do aneio de vencer; había que contar co apoio ou polo menos coa sinxela neutralidade das nacións poderosas, i éstas inventaron un malfadado orgaismo que se chamou Comité de Non Intervención, e perdemol-a guerra, contra toda razón, contra todo dereito, contra toda xustiza.

Pero a data do 7 de Novembro perdurará como data inmórrrente nos fastos heroicos do pobo hespañol, pois antre os defensores de Madrid, non se atopaban soio madrileños; había xente de todas as partes da Hespaña.

A NOSA TERRA asóciase a este memorabel recordo neste intre en que o porvir da nosa patria volve a estar en xogo e na man das mesmas nacións que denantes nos entregaron.

PENEIRANDO FARINA ALLEA

Gales Pede a Independencia

Por VAZQUEZ DA XESTA

"Londres (U. P.) 28 de outubro de 1946. — Librárase hoy un debate en los Comunes sobre las antiguas aspiraciones de Gales en procurar a de un Estado legal de Nación independente, parecido al de Escocia dentro del Reino Unido.

La cuestión la presentará el grupo parlamentario Galense. Entre otras cosas piden que se enseñe su idioma en las escuelas del país y que las ordenanzas del tránsito caminero se redacten en galense. Las aspiraciones de Gales se remontan a los días de William Gladstone, y Winston Churchill pudo desentenderse de la cuestión aduciendo que el asunto no se relacionaba con la guerra".

A noticia transcrita ven a confirmarl-a semellanza, mellor aínda, a identidade das reivindicacións de Gales, Escocia e Irlanda con relación a Inglaterra, coas de Cataluña, Euzkadi e Galiza respecto de Castela. Ollese como se quixer, a resultante provén da mesma causal: a hexemonía inglesa en Gran Bretaña e a castelán en España. Pódese engadír que dúas dúcias de Estados máis, espaxados polos 3 continentes, atópanse nas mesmas condicións, polo que iste problema ten carácter universal. Non se trata, pois, de provincialismos acoados, como despetivamente lle chaman os que se aferran en camiñar contra-pelo, descoñecendo as máis elementais verdades da natureza.

Referíndonos hoxe o caso de Gales, outemos a certeza negativa do proceso autortibo empregado polos Estados. Inglaterra, por exemplo, non conseguiu, apesar de selo imperio maior do mundo e ter á imensa Londres como centro e guieiro cultural, ausorber, transformar en ingleses aos galenses, escoceses e irlandeses. Non o conseguiu apesar da súa tolerancia, da súa flexibilidade política, dos seus procedimentos de ventaxas económicas e outras rendas de abultado prestixio. Ofereceulle aos galenses, escoceses e irlandeses, os mesmos privilexos de que desfrutaba ela, os mesmos dereitos e iguais deberes. Pero ises privilexos, ises dereitos e deberes eran ingleses. E' dicir, levaban aparelado consigo a hexemonía dun povo sobor dos outros. Máis claro: leises inglesas, lingua inglesa, alma inglesa. Nunha palabra: deixar de ser galenses, escoceses e irlandeses para trocarse en ingleses. Si esto dependera da vontade do home, poidera terse por certo o tipo standar esta-

tal. Mais a vontade xoga un papel moito fraco, relativo e volubel. As leises da natureza son máis fortes que a vontade dos homes.

De igual xeito que Inglaterra, Castela, creou a súa imaxen, o Estado hespañol. Todol-os hespañóis somos iguais. Desfroita-mos os mesmos dereitos e privilexos e ficamos obrigados por idénticos deberes. Pero istos deberes, privilexos e deberes son os casteláns. Claro que en todo isto hai gradacións. Así como o proceso de hexemonía inglesa sobor de Gran Bretaña é de senso liberal, tolerante, que recoñece as diferenzas culturais e até as respeta, o castelán ten por bandeira á intransixenza e intoleranza. En Inglaterra fálase oficialmente da Nación escocesa, galense, etc. Escocia ten unha liberdade de Estado federado; da mesma maneira a quere Gales, e Irlanda do Norte xa desfroita. Mais o Estado hespañol chegou até borrar da nomenclatura estatal os nomes de Galiza, Cataluña, etc. Somentes eixisten provincias en Hespaña. Para o Estado hespañol o mesmo da falar de Cuenca que de Pontevedra ou de Lérida. Os de Pontevedra ou os de Lérida, para o Estado hespañol, son iguais aos de Cuenca. Claro que os de Pontevedra e os de Lérida teñen que assimilar o dereito, as leises e a fala dos cuencanos.

Para ningún é un segredo que por Hespaña adiante se di que os cataláns son malos hespañóis, que os vascos son separatistas e que os galegos nacionalistas arelan arredarse do Estado. ¡E que hai que rematar con tudo isto, dín! ¡Temos que acabar con ista xente que vai contra a unidade sacra da Patria! Mais, ¿por qué? Sinxelamente porque aínda non deixaron ou non poideron deixar de ser cataláns, vascos e galegos. E a ises estadistas de tres o cartó, non lles cabe na moeira outra cousa.

Para os que identifican tudo o castelán co hespañol, resúltalles fácil por alcumes. Si escribe, fala e canta en galego; si pensa en galego e nos problemas galegos; si ama as tradicións da súa Terra e pregoa as virtudes do seu povo no máis enxebre senso humano; si percebe e sente a Galiza como unha comunidade diferenciada no cultural e no económico, e até ten folgos para eixir respeto e liberdade para a

súa indiscutíbel persoaalidade, descóntase que iste galego é arredista. Si proba con irrefutábeis razóns o porqué dos males que abafan a Galiza i é dabondo valente para berrar a causa e ista causa é o Estado centralista, entón, iste galego, canga co alcume de desleigado. Si un día ergue súa voz e di: faise mester para ben do povo, do Estado e da humanidade aproveitar o poder creativo de Galiza, encanlar súa intelixencia, reforzar súa alma, identificándoa consigo mesmo, ollando a súa realidade: tradicións, lingua e cultura; categorización da súa existencia, etc. Cando isto ocorre, sen dúbida, con certeza, que, ademais de separatista, dínlle louco.

Gales, Escocia e Irlanda, ao longo da historia percorreron vieiros semellantes a Cataluña, Galiza i Euzkadi.

Inglaterra comezou a incorporación de Gales no ano 1062 e durou a loita até 1415. Escocia nunca foi enteiramente domeada polos ingleses e no ano 1745 veuse obrigada a xuntarse ao Reino Unido, mais preservando certas liberdades de nación autónoma. O feito de Irlanda achase na memoria de todos.

O desenrolo do Estado unitario hespañol sigueu un proceso semellante, aínda que dun xeito unilateral, é dicir, descoñecendo a realidade de canto non fora castelán.

O idioma inglés logrou a máisima categoría no mundo, tanto polo número de xente que a fala como pola calidade das obras nele escritas; mais foi impotente para suplantir os idiomas gaélicos de Escocia, Gales e Irlanda.

Do mesmo xeito, aínda que en mellores condicións por seren irmáns, o castelán tampouco tivo forza para afogar ao galego e catalán e demais línguas romances da península. O vasco neste caso é un aparte.

Istes feitos son verdades inconcusas que de non terse en conta, o dereito e a xustiza, non pasarán de palabras.

Os nosos Artistas trunfan no Estranxeiro

O xornal norteamericano "The New York Times" do día 13 de outubro pasado, publica no seu suplemento literario a reprodución dun deseño de Luis Seoane, pertencente ao libro de deseños "Homenaxe á Torre de Hércules".

Ao mesmo tempo dá a noticia de que a librería Pierpont Morgan escolleu entre a produción mundial de libros publicados nos anos 1935 a 1945, mil exemplares, pola calidade dos deseños, grabados, ilustracións, etc., que a vez foron seleccionados polo Instituto de Artes Gráficas de New York, escollendo 300 exemplares como os mellores desa época. Un dos 300 libros é "Homenaxe á Torre de Hércules". Istos 300 libros que representan a trinta e dúas nacións foron expostos nos meses de Setembro e Outubro próximos pasados en New York.



Si pra ser un gran político abondara con saber moitas cousas adeprendidas nos libros, con saber falar i-esquirbir ben tres ou catro línguas, con publicar obras literarias ou históricas de verdadeiro mérito, en fin, con ter gañada sonda de home eminente, Don Salvador Madariaga sería un gran político. Pro o creto político gáñase con conduta, con sacrificio, polo esforzo na loita cotián a prol dos propios ideais, cando se teñen.

¿Pódese ser deputado por un partido autonomista galego, a "Orga", — Organización Republicana Gallega Autonomista — e decrararse antiautonomista integral? Eis o caso de D. Salvador.

..Pódese ser ex deputado republicán, ex embaixador republicán, ex ministro republicán, e, logo, falar "ex cathedra", imparcialmente, como se se fose un simple comentarista, dos erros políticos cometidos a reo pola segunda República Española? Eis o que fai Don Salvador Madariaga cando se pon a discuirir, entre historiador, literato e profundador, sober do tema, no seu libro "España". Con iste título: "El español y la viceversa", podería Don Salvador esquirbir un libro introspectivo. Il que tan ben sabe espreitar as condutas alleas...

Se tanto gaba a política, a "sinfonía política", forxadora do Estado creado por Don Fernando e Doña Sabela, se tan sabía lle parez a creación monárquica ¿por qué axudou a trocar a Monarquía pola República?... Don Salvador é a prosopopeia da Viceversa.

Non hai volta. Tendo ó frente, como mentores, a homes tan sabidos como Madariaga, Marañón, Pérez de Ayala, Ortega e outros "servidores" polo xeito, miragre foi que o réxime republicán durase o que durou. Mamando tal leite, tiña que medrar entan-garañado.

Polo que toca a Galiza, mellor eran os Montero Ríos, os Bugallal e demais fauna caciquil que padeceu a nosa Terra. Polo menos istos daban empregos ós amigos, facían algúns camiños e verneaban nos seus pazos, gustáballe a paisaxe galega viva, e todol-os anos se lembraban, así, de que eran galegos.

Que na conferencia que Don Salvador enxergou diante dos invitados do Centro Gallego houbese moitos de istes que celebraron as anécdotas con que ilustrou a conversa, non é de estranar. Si a il, ilustre literato, lle parceseron axeitadas pra o caso ¿cómo as tiñan de tomar por parvadas eminentísimas os troitiños da coletividade?

Si non fose por un pintor ilustre e valenciano, Sorolla, e si iste, por encárrago, non houbese pintado unha esceca galega pra pendurar en N. York, Don Salvador houbese pasado pola vida, según dixo, sen se decatar de que era galego, aínda que no seu usado pasaporte constase que é "natural de La Coruña (España)". Boeno, estaría no mesmo caso de moitos paisanos seus, que é fora de Galiza i-en contaíto con xentes de outras terras cando se enteran de que son galegos, pro non galegos así, sinxelamente, senon galegos de unha determinada cras. Aínda que istes non chegan a tal coñecemento pola vía do arte, como lle aconteceu a Madariaga, senon pola da fisioloxía. Dánse conta do que son cando por acá lle dín "gayego de tal" E siguen sendo isto.

Programa de unha velada artística celebrada o 30 de Novembro derradeiro:

"Brisas del Genil. Alegrías de Jerez. Fandanguillo de Almería. Embrujos del fandango. Granadina. Malagueñas. Mis sevillanas..."

A velada non estivo orgaizada polo Rincón Andalúz. ¡E' que os directivos de Casa de Galicia son así de GUITANOS! Como non viron endexamáis un Sorolla, quedáronse en Juan José Padilla. E pisáronlle a raia ós orgaizadores do concerto do Día de Galicia no Gran Rex.

Verdadeiramente, o comemento peyorativo que por acá lle poñen ó nome galego, ás veces está como anelo ó dedo. Hai moitos "gayegos de tal".

A MORTE DE FALLA

Manuel de Falla non pertencía a ningún partido político. Nen era republicán nen monárquico. Manuel de Falla era un artista creador, poseso dunha sensibilidade esquisita. Amaba o seu povo e diante os crimes falanxistas e a escravización de Hespaña, deixou súa patria como protesta.

Debera ser dabondo para merecer o respecto dos máis ruíns. Pero a pandilla falanxista especula cos mortos do xeito máis repelente.

O sacrilexo de retorcer a verdade non enganará a ningún. Leven ou deixen o cadavre aquí, tudo o mundo sabe que Manuel de Falla abandonou Hespaña e xurara non voltar até que a liberdade e a decencia garantizaran a vida humano, hoxe aldraxada pola pandilla falanxista.

O seu TRAXE

O seu SOMBREIRO

A sua CAMISA

A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS EN:

CELTA

FEDERICO LACROZE 4086
UNHA CASA
ENTEIRAMENTE GALEGA

Valores Galegos

MURGUIA

Manuel Martínez Murguía nasceu en 1833 en Froxel (A Cruña). Estudou a carreira de boticario, que non rematou, pois seguiu a súa vocación — a literatura —. En Madrid, no ano 1858, casou con Rosalía de Castro, que ali viña de publicar o seu primeiro libro de versos, "La flor". De volta na Cruña, dirixeu, en 1859, "El Diario de la Cruña", onde encetara a súa formidable labora a prol da renascenza do espírito galego, labora que se había de acabar sómentes ca morte, no ano 1923, cando ía a cumprir os 90 de idade.

Foi xefe do Archivo Xeral de Galiza, Presidente da Academia Galega, cronista xeral de Galiza. En 1865 publicouse, en Lugo, o tomo I da súa "Historia de Galicia", da que saíron catro máis. En 1888 publicouse, en Barcelona, "Galicia", síntesis histórica e xeográfica da nosa terra. Outros libros seus: "Diccionario de Escritores Gallegos", que é hoxe unha rareza bibliográfica, "Los Precursores", "El Foro", "Don Diego Galmírez". Ademais, publicou numerosos folletos, e centos de artigos, especialmente na "Ilustración Gallega y Asturiana", da que foi director.

Murguía é o grande Precursor do renacemento cultural de Galiza. Cando nos anos tristes, anos mortos da nosa cultura, da segunda metade do XIX, Galiza estaba debuzada na uniformidade oficial e artificial da vida hespañola, foi el quen sostiño a vos da conciencia eterna da Terra.

Murguía gran historiador, escritor exquisito, investigador eruditísimo, foi, por riba de todo, un apaixonado patriota galego. Por patriotismo, el que tiña escepcionaes condicións pra trunfar no terreo da creación estética, voutou á Terra e isolado, sen mestres, caso eixemplar de autodidacta, fíxose historiador, e, pola súa gran erudición, polo seu saber, chegou a ser respectado nos centros de investigación de máis creto, dentro e fora de Hespaña.

Tamén foi combatido polas súas teses en col da nazonalidade histórica de Galiza, pro a investigación moderna confirmou cáseque todo o que Murguía deixou afirmado, algunhas veces por pura intuición patriótica, por entusiasmo. Porque el foi un historiador apaixonado, mais non un mistificador da verdade. Aconteceu que, por patriotismo, con elementos parciais da verdade, foi capáz de reconstruír toda a verdade, botando por terra o que se tiña por certo ser solo. Eixemplo: a súa tese do celtismo galego, que moitos combatiron. O estudo das fontes, as noxas investigacións, os descubrimentos arqueolóxicos viñeron a confirmar as súas opinións.

Como o pasado e o presente d'un povo non se pechan no que xeralmentes se comprende por historia, ademais d'historiador, Murguía, empeñado n-unha reconstrución cumprida da nosa persoalidade nacional, foi tamén etnógrafo e folclorista, e crítico e historiador da arte e da literatura galegas. Foi o Precursor de todas estas cousas entre nós, e en todas elas deixou normas e teses que son guieiros e pranos de traballo.

E por riba de todo, deixounos a fé inmorrente na superioridade da cultura de Galiza e no seu íntimo afastamento de todas as Penínsulas. Cecaís o máis valioso do que nos deixou seña iste convencemento de sermos outra cousa que todo o que nos arrodea.

O conceito intelectual que se teñen formados as novas xeneracións galegas da nosa nazonalidade cultural, os estudos que nos informan da razón de ser do noso sentimento nazonal, teñen o seu enceto serio en Murguía. O seu saber, a súa información, o seu razoamento, aínda son actuais. O seu entusiasmo, a súa paixón, o seu enxebrismo, o seu galeguismo, serán inmorrentes. Onde haxa unha conciencia galega, a súa memoria será benzoada.

VERBA MAXISTRAL

O DEREITO DE GALIZA A AUTONOMIA

Língua difrente, díxose sempre, difrente nazonalidade. Sintindo de íse xeito, Galiza tívoise sempre por nazon de feito; o mesmo cando tiña reis e condes propios, que cando o eran co nome de leoneses; tanto cando gozaba de completa autonomía como incorporada a coroa de Castela. Tan era así que, denantes e aínda dempós de que a monarquía leonesa (galega debora decirse, pra falar con propiedade) se confundise na castelán, todos os anceios d'istes povos do noroeste empregábanse a crear e a conservar un estado homoxéneo, igual ó que, co nome de Aragón, existía no nordeste da península. A ambición das casas reinantes en León e en Castela, impedírono; íos feitos que viñan perparando o xunximento das dúas croas, pra desgracia nosa, apresurárona. Mais, non embargantes o que se coída ísa unión non foi completa. A monarquía fíxose unha, pro os povos que

a formaban seguiron tan arredados como cando eran dous os príncipes que a rexían. Proba de ísto é como moitas veces se manifestou o sentimento nazonal en polas crases nobres, que protestaban do esquecemento en que as tiñan, xa polas abortas tendenzas a reconquerir a monarquía leonesa, baixo o nome de reino de Galiza. Os elementos precisos habíalos, só fallaba a vontade tensa dos que aspiraban ó solio.

E', pois, un feito que, polo orixen, polo territorio, pola lingua, igual que pola súa historia e pola comunidade de sentimentos e arelas, ístes povos do noroeste forman unha nazon con caracteres propios, difrente das outras que integran o Estado hespañol. Tamén é un feito que vive, se non a disgusto, non de tan boa vontade como se supón, baixo o imperio de xentes e de cousas que lle son contrarias. E vendo como agora todo llé adverso,

trata barilmentes de conservar canto é seu e, so erguendo o espírito público, reconquerir, polo menos, a autonomía administrativa. Non quer que o poder central, que a descoñece, a goberne de todo e como a unha colonia, se non como a povo importante sóber do que pesan as cargas precisas pra o sosteñemento do Estado. Non se avén a que cada lei que se promulga co gallo de protexer os íntereses xerais, veña a ferir os seus. Parécelle mal que as súas cidades principais vivan unha vida anormal, por mor ó absentismo que, as maltrata, absentismo das intelixenzas e da riqueza, mellor dito, das crases ricas. Non quer que os alleos veñan a nos gobernaren. Anceia que a súa lingua seña tan oficial como a do Estado. Que os que adeministran xustiza e dirixen a concenza dos nosos homes señan escolloitos entre os seus fillos. Que nas reformas necesarias ó seu benestar se lle escoite por inteiro, tendo en conta todas as verbas da opinión xeral. Que os nosos homes públicos non os manden dende a Corte, feitos e consagrados, como quen remite unha mercancia á que o Estado todopoderoso puxo o cuño da infalibilidade. N-unha verba: Galiza quer a descentralización máis completa baixo todos os ordes, en todos os aspectos, no moral, no intelectual, no político e no dos seus íntereses materiais.

¿Hai n-isto falla algunha de patriotismo?

MANUEL MURGUIA

(De "Regionalismo Gallego". Folleto publicado na Habana en 1889, co gallo de un discurso de recepción na R. Academia de la Historia, de Madrid, na que o seu autor, Don Antonio Sánchez Moguel, ataca ó sentimento rexionalista de Galiza).

algo na súa vida, representando luxo, cultura, vida de sociedade; pero agora está n-un estado de estancamento grandísimo producido pola abundancia da pesca n-outro tempo, na idade do ouro dos mariñeiros de fai quince ou vinte anos, e pola "maldita falla de necesidás" que padece a masa mariñeira; abundancia e falla de necesidás que se reflexan n-iste cantar que n-os días de faxurda lle fai toupar o peito de contento ós mariñeiros cando o cantan dispois de teren a bordo unhas chiquitas de casol:

"Teño lanchas, teño redes,
teño sardiñas n-o mar
teño unha mocíña bonita
quen me manda traballar".

A falla de necesidás y-á abundancia de outro tempo, debe Rianxo a falta d'unha masa artesana ilustrada y-a natural imprevisión e socordia dos seus habitantes; e como a habilidade y-a industria dos homes non se inventa nin se aumenta de repente, d'íquí o que, habendo fuxido a sardiña da ría xa fai anos e esprotado sin tino os criadeiros de marisco, por aquilo de que quen veña atras que arree, atravesa a vila unha crisis que mete espanto e que a súa economía estea derregada names ras lugares mais probes, en canto a fontes de riqueza, como as feligrésias de Taragoña, loitan na vida con ventaxa debido á capacidade de traballo que lle dá a súa falla de medios; a Rianxo pásalle o que ó mozo nugalao de casa rica que de repente s'atopa coa faltriqueira valeira e non se sente con forzas pra matala preguiza nin pra facerlle frente á vida. Rianxo confía no milagre; mais non ten fé n-o propio esforzo: está a esperar que lle chuvisque. ¿Que lástima de Vila!

ARTURO NOGUEROL
(De "nós", 15 de marzo de 1929).

VILAS GALEGAS

RIANXO

Rianxo según os etimoloxistas da vila ven de río ancho; outros fan-o vir de *ri* e *anxo*, e din que significa surrixa de anxo; pero ó meu parecer, rianxo significa centro de abastecemento, porque en galego rianxo, salvo o millor parecer dos homes de sabencia, é mercancia comestible, trato de abastecemento: "vai n-o rianxo", "anda ó rianxo", son ditos que o confirman e que se oucen todos os días entre os que abastecen as prazas; rianxeiro equivale a tratante en cousas de comer y-arder.

Rianxo é unha das pelras que formal o torques con que se adébía a ría d' Arousa; alóngase á veira do mar y-o cocho de Punta Fincheira, com-un bando de gai-votas pousado, do que a capela de San Bartolomeu é a avanzada y-a igrexa de Santa Columba e o cer-vello que está á ventar os enemigos.

Rianxo mira ó mar polo Weste por iste gallo ten as fermosas postas de Sol de que tanto se gaban os rianxeiros de Rianxo: "Vilargareia non ten estas postas de Sol", dixon un día unha pesca mirando ó ceo e dispondose a marchar co-a súa cesta de peixe polas corredeiras adiante á busca dos patacos. Eu non sei si é sabencia ou estinto; pero o que si podo asegurar é que ós viles de Rianxo, a ría, as postas de Sol y-a paisaxe, tenos un pouco tolos: ón Veterinario que veu á vila a ver si lle convíña o sito pra tomar posesión do cargo de Inspector de carnes, o que o acompañaba non lle falou das avinzas co-as sociedades de seguro de gado, nin da posibilidade de organizare a inspección dos porcos; pero en cambio colléuno polo brazo y-acenándolle cara Portomouro díxolle: "Fíxese n-íse cadro; dentro de cinco minutos farán falla outros pinceles".

A vila de Rianxo ten tres rúas y-un mercado polas mañás, que son pra todas as vilas com-os tres lados ou os tres verticeis ó triángulo; pra que haxa un lugar en taboaza non fan fala mais que unhas cantas casas co-s tellados fimegando ás doce do día y-o alardecer, unha fonte, unha eira y-un cruceiro, pra facer ó pé d'il a trullada ou a pandeirada, pra unha feligrésia ou concello é necesario ademais un forno de cocer pai, unha taberna y-unha igrexa co seu adro y-o camposanto ó pé: o adro y-o camposanto son o siro.

aparente d-a-s municipalidades, mais pra facer unha vila son necesárias aínda mais cousas: tres rúas, unha praza y-un mercado diario ou semanal, espresión do hinterland comercial.

As rúas da vila de Rianxo aínda teñen pudor urbano, pois non fíron aldraxadas pol-os analfabetos con letras pódolle nomes mais ou menos decorativos ou cursis: enámase: "Calle d'arriba", "Calle d'abaixo" e "Calle do medio". Nomes sinxelos, pero acadados e que espresan moi ben o plan que presidiu a formanza da vila: rúas ó correr e tarreo en costa. A rúa do medio é o espíñazo da vila y-o seu cabo do Sul érguese a igrexa parroquial; e na rúa d'abaixo hai unha casa antiga de canteiría escura, que pasa deica o medio da calle sostida por tres arcadas, que pousan en dúas pilastras, pra atestiguar o espírito anárquico da raza y-o poder do dono. As rúas están tan ben tiradas que a vila resulta moi agarimosa. Sería de sentir que fose adiante a idea d'algús viles que cobizan a formanza d'un prano da vila.

Rianxo foi unha vila importante e con carácter próprio: os seus escudos numerosos responden do seu nobre orixen; as suas fiestras con soportes pra colgar as redes testimonián a súa puxanza mariñeira

d'outro tempo; y-os patís ás portas das casas, que en mal hora fíron desfeitos, acusan a primeira necesidade das rianxeiras: a de estar na casa e na rúa ó mesmo tempo pra, sin desatenderen o traballo, velas ós rapaces namentras enredan ó pincho, enredo con que seguramente se preparaban n-outros tempos os bós arpoeiros. De prosperalo criterio burgués d'unha gran parte dos viles, inspirado sin dúbida pol-os libros de carpintería barata, dentro de cincuenta anos non merecerá a pena de visitar a vila; sin embargo, é de xusticia facer presente que os encargados de adeministrare os íntereses do Concello están orientados n-o sentido de milloral-a sin que perda a súa maneira de ser; e xa deu comenzo ó restauramento da súa praza tratando pr-ela un cruceiro pra reemprazare ó que a incul-tura letrada sacou d'ela co-aprobanza dos chamados "fillos do pueblo", que, coma en todas as partes, non fan nin deixan facer.

Rianxo é un semilleiro d'artistas no mais outo senso da verba, díganon os Castelao, os Dieste y-os Manuel Antonio; non en balde foi o seu fundador un poeta de freba coma Pay Gómez Charriño.

Rianxo foi unha vila puxante namentras os seus escudos pesaron

Unha Encrucillada

Por VERDUGUILLO

Estados Unidos
pidelle a Farruco,
con moita finura,
que se vaia ao punto.

"Paco —dílle Trumas
non sexas 'botudo',
que me estás causando
xa máis dun disgusto.

Xa se deron conta
todos do meu truco,
e non hai maneira
de amaño-o asunto.

Por tí estou perdendo
o creto no mundo,
namentras, en troques,
aumenta o do ruso.

Por Deus, meu amigo,
sácame do apuro;
se non, doutro xeito,
fundímonos xuntos".

Atlee faille coro
ao cuáquero rudo,
e os dous ao caudillo
suplicanlle a dño.

Este con desprezo
e ademáns de chulo,
contestou axiña
con un ex abrupto.

O aprendís de Hitler,
de farto bandullo,
non é ningún xenio,
mais tampouco burro.

E con ameazas,
aos compadres cucos,
correunos coa vaina
como a dous chitruños.

Na Asambreia agora
hai un gran rebumbio.
¿Ao xeneralísimo,
daránlle o cañuto?

A Embaixada Republicán Española en Chile

Un acontecimento que debe encher de satisfacción aos repúblicanos españois, é o agasalho con que foi acolida en Chile a embaixada extraordinaria do goberno de Xiral, que asistiu nos altos celebrados con motivo de asumir a presidencia da Nación o Sr. González Videla.

Por moi optimistas que foran as suposicións que se poderían facer, nunca houberan lougrado chegar á realidade dos feitos. Sabíase que en Chile habíase trunfado as esquerdas; que o presidente eleito era un home de tradición liberal e democrática; que a alianza de partidos que o levou ao poder repudiaba o réxime franquista; sabíase, en verdade, todo eso; pero tantos desenganos temos no noso haber de repúblicanos españois, que xa non os astrevemos a facer o menor augurio que nos favoreza, anque as circunstancias o xustifiquen.

Esta vegada, afortunadamente, todos nos equivocamos. Todos os cálculos foron superados. O recibimento que a nosa embaixada tivo na nación veciña foi verdadeiramente apoteósico.

Nunca mellor empregada a tan coñecida e hiperbólica verba. Si, o recibimento foi apoteósico. Non lle quitamos ren.

Non sómentes o povo eisteriorizou a súa simpatía pola nosa causa, con vitores á República Española e morras ao réxime falanxista, senon que as mesmas autoridades, dende as máis baixas até as máis outas, non se recardaron para testimoniarnos o seu afeito e a condenación da tiranía que impera na nosa patria.

O ministro do Interior, o señor Luis A. Cuevas, que había dirixido a campaña política da Alianza Democrática, no banquete celebrado no seu honor, decarrou con toda claridade e precisión que para o goberno e o povo chileno non había máis España lexitima que a republicana e democrática; que esta estaba presente na súa intelixencia e no seu corazón; que a ela lle rendía tributo, e con ela se comprometía a traballar polo seu trunfo e pola súa recuperación.

O presidente da República, no intre en que as embaixadas se acercaban a saudalo, despois da toma do mando, rompendo o protocolo, doulle a man a todos os compoñentes da nosa representación, cando soamente lla debía dar ao xefe dela, eispresando ademais a este a súa devoción pola República e pola nosa causa.

En todos os aitos a que asistiu a nosa embaixada, tanto o povo como as autoridades, amosaron a súa simpatía pola verdadeira España, que xaz afe-rollada.

A COMPOSICION DA EMBAIXADA

Como anunciamos no número anterior, a embaixada republicana que foi a Chile estaba integrada polos representantes galegos, vascos e cataláns, señores Elpidio Villaverde, Ramón Aldasoro e Pelayo Sala; o xeral Martínez Monje e o ex ministro e cónsul de España en B6s Aires, Dr. Manuel Blasco Garzón, que, como delegado do goberno de Giral, era o xefe nado da representación.

Ao chegar a Santiago xungiéronse a ela o delegado para a

veciña nación, señor Lezama, os deputados Vicente Sol, Suárez Picallo e doctor Cumilleras e, como segredario don Sebastián Montes.

EN MARCHA

O día 29 do derradeiro mes de outubro, parteu a embaixada cara a Mendoza, onde recibiu as primeiras probas de simpatía, nuncio das que lle agardaban en Chile, dos nosos amigos e irmáns da cidade cuiana.

Esperando aos viaxeiros, atopábase xa na estación, membros da Irmandade Galega, do Centro

Transmisión del Mando, delegación que viene compuesta del ex ministro Manuel Blasco Garzón, el ministro del gobierno vasco, señor Aldasoro; el general Martínez Monge, el diputado gallego Elpidio Villaverde y un representante del gobierno catalán.

La Alianza Democrática Provincial ha programado un magno acto de confraternidad y adhesión a estos luchadores de la Libertad, acto que se efectuará en el local de la Asamblea Radical (Teatinos 260), después del desfile que se iniciará desde la Plaza

aprausos, e ao final, o doutor Blasco Garzón pronunciou un elocuente discurso que produxo unha gran impresión nos concorrentes.

PRESENTACION DE CREDENCIALES

O viernes 1º de noviembre, a representación da República Española, concurreu ao Ministerio de Relaciones Exteriores para presentar as cartas que acreditaban a súa misión. Unha indisposición do señor Fernández e Fernández, afortunadamente leve, impediu que a embaixa-

cal se contempra o belo panorama das montañas andinas, prateadas polas neves perpetuas. Este polo chamábase o Pazo Cousiño, obra dun galego dese nome, que foi adequirido polo Estado chileno, formando parte hoxe do patrimonio nacional.

Foi unha festa magnífica, onde a nosa embaixada recibiu, como en todas as partes, a eispresión de simpatía das autoridades chilenas e de moitas personalidades asistentes.

TRANSMISION DO MANDO

O domingo 3, ás 14.30 horas, celebrouse a principal cerimonia: a transmisión do mando presidencial d'ante do Congreso e das Misiones Especiales no salón de honor do Pazo lexislativo.

Foi dunha solemnidade e brillantez impresionantes. Despois da lectura da aita da elección e do xuramento prestado polo o señor González Videla, éste recibiu a banda presidencial de mans do presidente en exercicio. Unha estrondosa ovación produxose ao remiñar o aito.

Seguidamente, todas as unións eistranxeiras desfilaron a pé cara o Pazo da Moeda, onde esperaba o presidente, Sr. González Videla, para recibilas.

Ian nos primeiros postos as representacións argentina e peruana, por seren os xefes delas os vicepresidentes das súas respectivas nacións; e inmediatamente detrás, marchaba a nosa, mentras a franquista ocupaba un dos derradeiros lugares.

O público, que presenciaba o desfile, apraudia sen cesar ao paso das delegacións; e cando pasou a nosa, produxose un espontáneo e entusiasta movemento de simpatía, con vitores á República Española, que constituíu un verdadeiro plebiscito a noso favor. E para maior contraste, a representación da España oficial recibiu unha rechifla, que si houbera tido vergoña, non continuaría un momento máis no desfile.

NO PAZO DA MOEDA

Eiqui foi onde se celebrou a cerimonia de presentación de saúdos e congratulacións ao presidente por parte das Misiones que concurriron a Chile con tal ouxeto.

E cabe destacar que a nosa Misión recibiu do Sr. González Videla a máis outa deferencia que lle era doado esperar. Como xa dixemos denantes, o protocolo ordeaba que soio o xefe da misión, darialle a man ao presi-

dente, limitándose os demais membros a facer unha inclinación de cabeza. En troques, o señor González Videla, rompendo as regras protocolares, e atento únicamente aos ditados do seu corazón, acercouse a cada un dos que formaban parte da nosa delegación e doulles a man a todos, ao tempo que pronunciaba verbas de agarimo.

A FESTA DO POVO

Na noite do mesmo día 3, realizouse esta grandiosa festa, que foi verdadeiramente unha festa popular.

Nunha gran praza, a maior de Santiago, de proporcións que superan á praza do hospital de Compostela, víase bulir a unha compaña multitude, que daba a impresión daquela que se contempra na noite dos fogos do apóstolo, cando se queima a fachada da Catedral.

A multitude da nosa Santiago ferve por un ideal relixioso, que no fondo é un ideal de tradición, de raza; a multitude da Santiago chilena fervía tamén por un ideal, por un gran ideal, polo único ideal que mercesce xogala vida: a liberdade.

Dende os balcóns do Ministerio de Relaciones Exteriores presenciou a nosa embaixada o emocionante espectáculo que se ofrecía aos ollos, asomados pola multitude do aito. E tanto foi o entusiasmo que despertou nos corazóns dos nosos representantes, que o xeral Martínez Monje, coa sinxeleza do militar sen reservas, non se poido conter e dirixiulle ao povo unhas quentes verbas, que foron acolllidas con unha tempestade de aprausos e vitores á verdadeira España.

E atramentras a nosa misión era agasalada polo ministro e outros funcionarios, a embaixada franquista parecía xacer esenciada e até sirvindo de mofa á brillante concurrencia que ali se atopaba.

BANQUETE E BAILE DE GALA

Despois do banquete celebrado o día 4 en honor dos xefes das Misiones Especiales, ofrecido polo presidente da República e señora de González Videla, banquete ao que asistiu o doutor Blasco Garzón, como xefe da Misión española, realizouse ás 23 horas, no Pazo da Moeda o baile de gala, como compremteno da comida que se acababa de celebrar no mesmo pazo.

Foi unha festa verdadeiramente espléndida e elegante, onde se ademizaron as belezaas chilenas que o honraron coa súa presenza.

Eiscusado é dicir que a nosa delegación eisperimentou, como en todos os aitos a que asistiu, a satisfacción de verse colmada de atencións, que soio aos amigos se otorgan.

EISCURSION A VIÑA DEL MAR

O martes 5, a representación española tomou parte nunha interesante eiscursión a Viña del Mar, con ouxeto de asistir aos

aitos preparados no mencionado porto, como eran a revista naval, coa participación das escuadras en visita da República Argentina e dos Estados Unidos en honor do presidente da República; o cocktail ofrecido polo comandante en xefe da armada a bordo do acorazado "Almirante Latorre", e o baile ofrecido polo alcalde de Viña del Mar e señora en honor das Misiones Especiales.

A nosa delegación, agasalada co mesmo fervor de sempre, asistiu a todos os aitos, habendo sido ouxeto dunha atención especialísima por parte do presidente da República, cando viaxaba no tren que conducía a todos os invitados.

O caso foi que o Sr. González Videla, querendo agradecer personalmente aos representantes eistranxeiros a visita a Chile, fixo unha recorrida polas vagóns deténdose e saudando a todos coa máis outa cortesanía; pero ao atoparse diante dos nosos delegados, eistremou as atencións en tal forma, que chegou a dicir, a maneira de "primicia", pois aínda non era pública a no-

ta que el facía en favor da verdadeira España, tan descoñecida por quenes debían ser os primeiros en rendirle o seu máis fervente homaxe.

ALMORZO E REGRESO A SANTIAGO

Ao seguinte día, mércores 6, a nosa embaixada concurreu ao almorzo ofrecido polo intendente da provincia de Valparaíso e señora en honor das Misiones, no Parque da Corporación de Ventas de Salitre e Yodo, e logo, as 17 horas, emprendeu o regreso en tren especial cara a Santiago.

ALMORZO FINAL

Con este almorzo pexchouse o programa dos aitos que se celebraron para obsequiar ás Misiones que asistiron á transmisión do mando presidencial chileno.

Na "Majada de Pirque", o ministro de Relaciones Exteriores quixo despedir e agradecer con esa comida ás Misiones Especiales a súa visita a Chile.

Eiqui foi onde por derradeira vez, os nosos delegados atoparon ao representante de Franco, que andaba como avergonzado, facéndose o parvo, no meio das olladas e sorrisas bulronas que vía nas caras daquela brillante concurrencia, cando el se acercaba.

E anque sexa unha redundancia decilo, eiqui foi tamén para a nosa representación un motivo de orgullo o verse tan cordialmente agasalada.

BANQUETE NO CENTRO REPUBLICANO

Unha vez que remiñaron os aitos oficiais, a delegación republicana obsequiou con un xantar ás delegacións eistranxeiras amigas.

Nos sal6ns do Centro Republicano Español de Santiago celebrouse o cordial agasalho, que reuniu a máis de 500 comensales, entre os que achábanse sobresaíntes figuras do goberno,

das letras e das artes, e diplomáticas de todas as nacións amigas nosas, salvo os embaixadores de México e Italia, Sres. Castillo Nájera e Pacciardi, que eiscusaron a súa presenza en sendas cartas, cheas de verbas agradecidas para a nosa causa.

O doutor Blasco Garzón, elo cuente como en todas as ocasións nas que fala, pronunciou un magnífico discurso, que foi vivamente apraudido. Faláron tamén, con eispresións amáveis para a República Española, que debe ser rastaurada —dixeron— co-

teu esta nun tren que saeu ás seis da mañán cara os Andes, coa soa eiscepción do xeral Martínez Monje, que se quedou en Chile, invitado por varias personalidades.

Ao chegar a Mendoza, o mesmo que cando ia para Chile, a representación republicana foi cordialmente agasalada polos delegados da Irmandade Galega, do Centro Catalán, da colectividade vasca e do Centro Republicano.

Nun fraterno xantar, reuniéronse todos no Centro Republicano para celebrar o éxito alcanzado en Chile pola nosa misión diplomática, que por primeira vez como fixeron resaltar os doutores Elpidio Villaverde e Pelayo Sala nos seus discursos, unha Misión representativa do goberno da República Española, estaba integrada con delegados do goberno central e dos povos autónomos galego, vasco e catalán.

Falou tamén neste aito o Sr. Ramón M. Aldasoro, con verbas axeitadas e elocuentes, pechando a serie dos discursos o doutor D. Manuel Blasco Garzón, quen se gabou de haber sido o propiciador da composición da embaixada que tanto éxito alcanzou diante do goberno e povo chilenos, feito que lle valeu as calurosas felicitacións que lle enviou o goberno republicán de París. O doutor Blasco Garzón foi eistrordinariamente apraudido por todos os comensales.

Aparte deste agasalho, ofrecido por todos os grupos republicanos de Mendoza á nosa embaixada, o Sr. Elpidio Villaverde foi ouxeto de grandes demostracións de agarimo pola parte da Irmandade galega de Mendoza, cando presidente Sr. Cacheiro Rey, eistremouse particularmente en atencións hacia o noso representante.

XANTAR NO CLUB BELGRANO

Para festexar os resultados da ida a Chile da embaixada eistrordinaria que presidiu o doutor Blasco Garzón, a cuas xestións e situacións se debe principalmente o éxito do viaxe, o grupo que xunge a galegos, vascos e cataláns "Galeuza", organizou unha festa íntima en homaxe ao citado señor, que se celebrou nos sal6ns do club que se ergue nas coñecidas barrancas de Belgrano.

Arredor dunha mesa, artisticamente disposta en cadro, presidida dun lado polo o que recibía o homaxe e do outro pola súa dona, sentáronse os señores Alonso Ríos, Ramón M. Aldasoro, Pelayo Sala, Francisco Bazarrechea, Elpidio Villaverde, Rey Baltar, Ximénez de Asúa, Manuel Puente, Rodolfo Prada, Alonso Pérez, Francisco Regueira, Luis Guede, Perfecto López, Martínez Redondo, Carranza, Zamora, Salcines, Mendiguren e Antonio Rodríguez. E dando unha nota amabel á reunión atopábanse as donas de Aldasoro, Prada, Sala, Ximénez de Asúa, Bazarrechea e Mendiguren.

Nun ambiente de sinxela camaradería transcurreu a cea, sendo o obrigado comentario as incidencias do viaxe efectuado a Chile pola nosa embaixada, cuxo despedir á nosa embaixada, par-

Continúa na páz 7)



Os integrantes da Embaixada Española, ex ministro Dr. Blasco Garzón, deputados Aldasoro, Villaverde e Pelayo Sala, xeneral Martínez Monje e delegado do goberno de Xiral en Chile, Sr. Antonio Lezama, na comenda do edecán chileno Sr. Fernando Ochoa, no intre de depositar a ofrenda floral na tumba que garda os restos da figura máis íntima da independencia chilena, xeral O'Higgins

Republicano, do Centro Catalán e representantes da colectividade vasca.

Foron cordialmente agasalados por todos eles, destacándose o presidente da Irmandade, señor Cacheiro Rey, quen, coa xenerosidade que é característica nel, non se quedou curto para obsequiar á misión.

Ao chegar á estación os "Andes" recibíronos unha comisión do Frente Democrático de Chile e o delegado republicán, señor Lezama, quenes instaron aos viaxeiros a que se quedasen a repousar na dita localidade, a fin de partir, xa descansados, ao día seguinte, para Santiago. No "Hotel España de los Andes", que dirixe o deputado malagueño, señor Casamayor, atoparon acoirazado albergue, sendo ouxeto de múltiples atencións por xentes que por casualidade achábanse no hotel, reunidas nunha festa íntima.

CHEGADA A SANTIAGO

Un grandioso recibimento tivo a nosa delegación ao chegar á fermosa capital do Pacífico. Unha entusiasta multitude esperaba aos nosos representantes para demostrarlles a súa cordialidade.

A proclama que a continuación copiamos dará idea da magnitude do aito:

"El pueblo de Santiago, identificado con la heroica lucha de sus hermanos españoles por la liberación de España, se volcará íntegramente esta tarde a la Plaza Vieña Mackenna para tomar parte en el desfile que auspicia la Alianza Democrática Provincial, como un homenaje a la delegación especial del Gobierno de la República Española a la

za Vieña Mackenna a las 7 p.m., y al que asistirán dirigentes y parlamentarios de los partidos de izquierda, entre los que se encuentran los señores Girón, diputado Ríos Valdivia, Garrido, Pascual Barraza, Eduardo Silva, Francisco Prado, Ventura Enriquez, etc.

La delegación española, conjuntamente con los dirigentes de la Alianza y parlamentarios, se instalarán en las graderías de la Biblioteca Nacional para presenciar la pasada del desfile, para después trasladarse a Teatinos 260, donde se desarrollará el acto central, el que será escuchado, tanto por las personas que alcancen a entrar al local como por las que queden fuera de él, para cuyo efecto se instalarán poderosos altoparlantes.

La Alianza Democrática Provincial hace un llamado a todos los partidos aliados y progresistas, a los Sindicatos, Federaciones y Uniones Industriales, Gremios de EE. PP. Fiscales y semificales, Comité de Profesores, Comité de la Victoria, Centros culturales y Deportivos, etc. para que asistan al homenaje que se tributa a los representantes de la heroica República Española."

Despois de celebrada a imponente manifestación, realizouse o mitin que alcanzou un éxito eistrordinario. Detrás dos oradores chilenos, falou o delegado galego e deputado señor Suárez Picallo, quen, cunha elocuencia que emocionou aos asistentes, fixo unha semblanza axeitada dos compoñentes da misión.

Seguidamente o xeral Martínez Monje dixu unhas cálidas verbas que ocasionaron grandes

da fora recibida polo tidiar do Ministerio, sendo o ministro de Economía o encargado de atención.

O goberno non se demorou en decrarar hóspedes oficiais aos nosos embaixadores, poñendo a súa disposición un automóvil, que percorría as rúas cunha gran bandeira republicana en outo.

Ademais nomeou edecán da nosa misión ao Sr. Fernando Roa, modelo de corrección e cabaleriosidade, que cumpreu o seu cometido dun xeito irreprochable. Debemos facer destacar o feito de que o señor Roa está casado cunha galega.

O mesmo día 1º ás 21 horas celebrouse na Embaixada mexicana unha recepción en honor do ministro de Relaciones Exteriores de México, Sr. Castillo Nájera.

Todas as representacións diplomáticas atopábanse presentes, salvo naturalmente a franquista. O aito foi brillantísimo e a nosa misión ouxeto de singulares mostras de atención e aprecio que chegaron ao fondo da ialma dos nosos representantes.

RECEPCION OFRECIDA POLO ALCALDE DE SANTIAGO

De acordo ao programa de aitos, o sábado 2 realizouse a recepción que o señor alcalde de Santiago ofrecía en honor das Misiones Especiales que habíase acudido á capital chilena para asistir á transmisión do mando presidencial.

O lugar onde se celebrou a festa non podía ser máis axeitado. Trátase dun verdadeiro pazo, de suntuosa forma e rodeado dun maravilloso parque, dende o

Lembranza dun Novo Aniversario da Morte do Mariscal P. Pardo de Cela

Os CENTROS OURENSAN, PONTEVEDRES E IRMANDADE GALEGA, conmemorarán o 17 de nadal o 463 aniversario do aforcamento, na praza pública de Mondoñedo do Mariscal Pedro Pardo de Cela, mártir da liberdade de Galiza, no local do Centro Ouren. sán, Belgrano 2186, as 21 horas. Nise aito desenrolárase o seguinte programa patriótico:

- 1º HIMNO GALEGO POLO CORO DO CENTRO OURENSAN.
- 2º APERTURA DO AITO POLO DR. FIZ FERNANDEZ.
- 3º "PARDO DE CELA NA HISTORIA DE GALIZA" POLO POETA A. DIAZ.
- 4º RECITADO POR MARUXA BOGA.
- 5º CERRANDO O AITO, O SEGREDARIO DO CONSELLO DE GALIZA, D. ANTON ALONSO RIOS, FALARÁ SOBRE: "PARDO DE CELA E A NACIONALIDADE GALEGA".

A ENTRADA E LIBRE

A verdade sobre o feixismo em Portugal

CONCLUSÃO

POLÍTICA EISTERNA ANTI-NACIONAL

A política eisterna da ditadura caracterizou-se pela fraternização com os regimes feixistas, pela hostilidade e pressão à Democracia. Era grande a cordialidade de Salazar com Mussolini e Hitler; só recentemente se fan tentativas de disfarçalo. Varias vezes o ditador espresou a simpatia e admiração pelo colega italiano; meses depois da puñalada deste a França, Salazar, tirava grandes retratos sentados a mesa de trabalho, sobre da qual se via o retrato de Mussolini. Hitler espresou publicamente a sua concordância e simpatia pelo ditador de Lisboa (que depois decretou luto oficial pela sua morte), manifestando pessoalmente, numa entrevista: — "As boas relações entre Alemanha e Portugal interessam profundamente; tanto mais que o atual regime português se inspira em princípios e em objetivos que em muitos campos são ou rentados no mesmo sentido que os do regime alemão".

Na guerra de 1914, Portugal aliou-se com as democracias, a pesar da oposição xermanófila; em Setembro de 1939 era esta, que tinha assaltado o poder, e a ditadura que xa contava 13 anos de duração, as que formaban nas filas da persecução internacional encontra da liberdade. Dende o começo perseguir as figuras eminentes da intervenção de Portugal na outra guerra. Fraternizou com a ditadura xermanófila de Primo de Rivera. Eisaltou o adevinamento do IIIº Reich. Devoto do feixismo, celebrou com um banquete público o esmagamento de Abisinia, depois de, durante as "sancções", ter ajudado a Itália vendendo-lhe trigo a metade do preço que rexia no mercado interno. A ditadura fixara insultar e caluniar aos "frentes populares" franceses e hispaniolas, depois de terse oposto à entrada de Rusia na Liga das Nações. Na véspera da agressão alemã a Checoslováquia, cortou relações com o governo de Praga, com um fútil pretexto.

I — COLABORACION CON FRANCO

Analizamos esta mais em detalhe. Eis um resumo:

Foi doado pleo auxilio aos conspiradores, sendo o golpe militar, em boa parte, preparado em Portugal. Tivo todas as facilidades Sanxurso, xefe do movimento, que ali residia e outivo o avião no que ia a dirixir a revolta, norrendo de acidente ao levantar voo.

Iniciada a revolta, locutoras hispaniolas, nas radios portuguesas, incitaban dia e noite aos revoltosos, espalhando notícias falsas.

Lisboa, onde barcos alemães descarregaban as claras tanques e mais matrias, que trens portugueses levaban a Franco, era o velleiro que punha em relação os rebeldes do sul e do norte. Tropas de Franco passaram, com autorização, por territorio português; de Portugal recibiron provisões, armas, e até um Corpo Expedicionario chamado "Os Viriatos", encadrado por officiaes portugueses, por invitación do governo, que lles dou as condições de "militares em campanha ao serviço da Patria". No campo de aviação da Amarelexa (Alentexo) aviões alemães e italianos carregaban bombas suministradas por Oliveira Salazar para liquidar a resistencia de Badaxoz e outras cidades.

Foi grande a ajuda financeira por intermedio de Bancos ben conhecidos. Os belos stocks de trigo da colleita de 1936 fóronse cauze todos para os feixistas da Hespanha. No campo diplo-

mático, o governo de Lisboa foi o primeiro em cortar relações com o governo legítimo da República Hespanhola. Em Londres, no "Comité de Non Intervención", o ditador axiu em estreita harmonia com alemães e italianos; e recusou aos delegados, o que a França permitiu: fiscalización ampla e real da fronteira com Hespanha. Em Xinebra, a sua política foi a guerra diplomática à República Hespanhola.

Durante a guerra civil, e depois dela, as policiaes políticas de Salazar e Franco colaboraron intimamente. Muitos antifeixistas portugueses foron massacrados na Hespanha. A policia portuguesa entregou a policia de Franco numerosos refuxiados políticos hespanhoses, que logo foron afusilados, chegando ao ponto de fazer entrega a Franco de antifeixistas portugueses; só no dia foron así afusilados 10 portugueses na praça de touros de Badaxoz.

Cando Franco vencera, e non era preciso disimular, Salazar espresou-se deste xeito (22-5-1939): "En todos os dominios onde era libre a nosa ación axudamos no que poidemos o nacionalismo hespanhol. Dispensamos esforzos, perdemos vidas, corremos riscos, compartimos sofrimentos. E non temos nada que pedir nin contas que apresentar. Vencemos. Eis todo". Verbas do mesmo aos hespanhoses de Franco depois da agresión alemã: — "Como ministro dos estrangeiros, ao dirixir, ao vivir a nosa campanha diplomática desta verdadeira guerra peninsular atopeime mais de unha vez a praticar diligencias e a tomar atitudes que vos interessaban, denantes mesmo de me seren solicitadas". (12-4-1940). Isto era feito encontra da conciencia do povo português, encontra dos compromissos contraídos; así se favorecia a propagação da agresión que ensanguentou o mundo; e para cúmulo, así se daba força a Franco, que recarnava o imperialismo castelán e inscribía no seu programa o anexamto de Portugal.

II — ACION DURANTE A GUERRA

O ditador, indiferente ao sentimento aliadófilo e democrático do povo, impideu de espresalo durante a guerra, como o impediu de se determinar libremente. Foi xordo ás delixencias dos esilados políticos, que diante do perigo eisterno pregoaban a unificación das enerxias nacionais. Fraternizou co regime Petain-Laval, chamando a Petain "a maior figura da Europa actual". Non confiou na vitória de Inglaterra, como fai pouco recoñeceu. Abasteceu abundantemente a Alemanha em materias primas esenciaes á guerra, coma o wolframio. Mantivo desgarnecida a fronteira com Hespanha, por onde terian de entrar os invasores, e acumulou tropas nas Azores.

Cando Alemanha atacou a Rusia, o xefe da "Lexión" publicou no nome desta unha declaración na que se lía: — "A grandeza das forzas que combaten o comunismo ruso non necessita a nosa colaboración no campo de batalla; mais debemos considerarnos mobilizados e prontos para o combate, no intre que seza necesario...". O sinatario desta declaración é ainda hoxe membro do governo. O propio ditador, criticando a Churchill, di en 6-6-1942: — "Hai perturbación nos espíritos, causada pola alianza anglo-rusa". Invitava amistosamente pola Wermacht, unha missão militar portuguesa foi visitar o frente alemão na Rusia. Facia parte desta misión o actual ministro do Interior.

As concessões a Inglaterra, agora fan citadas pola propaganda do ditador, e recentemente loubadas por "lords" muniguistas, comezaron cando mudou a situación militar a favor das Nações Unidas; foron dadas en troque de enormes abastecimentos de armas pagas a peso de ouro, o que definiu esta liña documentada: — "En canto crecia o poder do Eixo, a nación era mantida mal armada. Cando pasou a crecer o poder da Democracia, a nación pasou a estar superarmada".

III — O CASO XAPONES

En outubro de 1941, o povo português soubo pol-as radios estranxeiras, que, sin o consultar o ditador dera en Timor bases aéreas a ese parceiro do Eixo; as bases foron chamadas "co-

merciaes", e constituían grave ameaza a Australia. A Inglaterra propuxo a Portugal a defensa común desa illa (metade holandesa), e Salazar eludiu a resposta, mantendo a importante base sin garnición axeitada namentras reforzaba... as Azores. Iminente a invasión de Timor, tropas aliadas entraron ali para tentar ainda a sua defesa. O ditador, indinado, convocou a sua "Assembleia Nacional" amostrándose ofendido e mandando "diputados" fazer discursos violentos encontra de Inglaterra; encontra de esta, em Lisboa a Lexión Portuguesa orgaizou manifestações "patrióticas". Logo em Fevereiro de 1942 os xaponeses atacaron Timor, ensanguentando coas suas atrocidades, e-encontrando ali apenas a resistencia heroica dos deportados políticos que a ditadura desterrara. Iso non provocou reacções; provocou a famosa nota na que Salazar se refireu aos "termos correitos do comunicado de Toquio". Os xaponeses vexando grandemente a soberania e a bandeira portuguesa, prohibiron o desembarque em Timor das tropas portuguesas enviadas nun transporte, e ás cuas as forzas aliadas fan a restituir a garda da illa, como era natural. Mais até ao final da guerra o ditador nin siquiera cortou relações diplomáticas co Xapo.

COMEDIA DEMOCRATICA

Sabendo que a sua ditadura non pode sobrevir a vitória da Democracia, Salazar preparou e prepara todo de xeito de poder enganar ao mundo no tocante á natureza do seu regime. Procura renegar das suas afinidades totaes co feixismo. Inventou para a sua neutralidade amiga do Eixo, o calificativo de "colaborante..." cos aliados; chega ao punto de chamar ao seu regime "democracia orgânica"; e intentou a argallada política que seguidamente se describe.

I — BULSA ELEITORAL

En 22-11-1945 publicou o decreto polo cal se abandoaba a eleição dos deputados por circulo único, pasando a ser por distrito. A nova lei ten conceitos arbitrarios, restrinxindo a liberdade do voto. Os emigrados políticos e todas as persoas de ideias contrarias á "disciplina social" definida polo governo non poden ser eleitos; os funcionarios non poden candidatar-se sin autorización governamental; o aito eleitoral non pode ser fiscalizado polos representantes dos candidatos. Ora, o recenseamento político tiña si-

do feito na vixencia de outra lei, que non permitia esperanza de libre competição. Desenganados, os cidadáns na sua grande maioria, non se tiñan inscrito. Intencionadamente o governo non fixo a publicidade indispensable para que a nova lei non pasara inadvertida. Mais tarde tornouse evidente a xogada de Salazar: manter o desinterés da opinião, asegurarse que os adversarios non disputarian o poder e depois, de golpe, ofrecer xenerosamente "eleições libres". Só en 7 de outubro anunciou a concessión graciosa de algunhas liberdades. Liberdade de imprensa, por ele chamada "Liberdade suficiente", que de ningún modo representou abolição da censura; anistia de algúns leves delitos políticos, e unha parodia de "hábeas corpus".

Denantes, un grupo de democratas tiña requerido unha reunión para discutir as eleições. Como a Constituição ditatorial determinava que, depois da dissolução da "Assembleia Nacional", a lei eleitoral non pode ser modificada, aqueles solicitaron ao presidente da República que a "Assembleia" non fora disolta denantes de poder discutir a lei. A Assembleia foi apresuradamente disolta 2 dias depois. As eleições foron fixadas para o 18 de Novembro, e a presentación das candidaturas tiña de ser feita até o 19 de Outubro. Así unha oposição democrática, sofocada durante 20 anos tiña 13 dias para artellarse e-escolher candidatos en todo o país. Na reunião dos democratas, o oito de Outubro, foi resolto aconsellar a concurrencia ás urnas se fosse atendido un mínimo de noções xustas: adiar as eleições por 6 meses, abrir novo recenseamento adequado, dar liberdade de pensamento e reunión, dar garantías de segurança individual, ser fiscalizado o aito eleitoral.

II — EISPLSION DO SENTIMENTO DEMOCRATICO EN TODO O PAIS

Esa reunión do 8 de Outubro — a primeira en 20 anos de opresión — dou orixen ao "Movimento de Unidade Democrática", ou M. U. D.; todas as correntes democráticas se integraron nel; en todo o país moitodumes concurriron ás reunións; e en tan perfeito orden que os delegados do governo, sempre presentes, nunca tiveron pretexto para intervir. Así dou a nação, mantida 20 anos en menoridade

política, notabel lección de civismo. As adhesões ao M. U. D. eran inscritas en listas e chovían firmas a dezas de milleiros; todos os intelectuales e as "élites", como as masas, estaban coa Democracia.

III — RETORNO A OPRESION

O governo, diante da calidade e valor da oposición, viu que sería barriado, se fosse a eleições con un mínimo de liberdade efectiva. Logo voltou á intimidación e represión. Foron prohibidas as reunións, a censura reforzada. Os firmantes das listas foron ameazados: sobre moitos exercéronse represalias, que continúan. Manifestações inofensivas foron dispersas con violencia. Prenderon ilegalmente dirixentes da oposición. Adeptos do regime declararon que o governo "non sería derrubado nin con votos nin con tiros, eisplicando publicamente que as eleições eran "para ingleses ver".

IV — A FARSA DAS ELEICIONS

Fronte a iso, o M. U. D. preconizou a abstenção. Houbo entón simulacro de eleições. Só os representantes do governo se apresentaron. E, ainda mesmo co recenseamento da ditadura, só compareceron de 20 a 25 o/o dos votantes, se ben o governo, con evidente falsidade, proclamou que foron o 60 por cento.

A isto chamou o ditador, nun discurso, "eleições tan libres coma na libre Inglaterra".

No propio día das pseudo-eleições a liberdade comezou a ser ainda máis restrinxida. O M. U. D. non foi completamente suprimido, só porque o ditador quería exhibir unha "oposição" diante do estranxeiro, para enganalo. Mais reduce ao M. U. D. a tan estreito control e restrinxo tanto a ación que o governo totalitario fica seguro de non ser por ele molestado. Trata de asfissialo. Sin facer declaración pública sobre da ilegalidade do M. U. D., sin decretar a sua dissolução, fecha as suas sedes en Bexa, Viana do Castelo, Porto, Lisboa e Evora.

E prosigue reforzando a ditadura. Por decreto recente, en futuras eleições, xa non só os candidatos, mais tamén os electores terán de estar integrados no orden social do governo. En política eisterna, pondo todas as esperanzas nunha nova guerra mundial, asocíase ainda máis a Franco, co cal firmou o pacto de Sevilla, ofrecéndose para unha especie de cruzada antirusa.

A DEMOCRACIA VENCERA

Mais o povo português de novo marcha para a restauración dos seus direitos. Eisixe a dissolução dunha "Assembleia" que nunca o representou, e a realización de eleições libres para a escolla dunha auténtica Assembleia Constitucional. As liberdades democráticas que a Nación Portuguesa reclama non poderan por moito tempo serenlle negadas. Están na liña histórica de Portugal. No século XIII xa este tiña parlamento como representación popular. Algúns dos seus reis, foron eleitos. Hai máis dun século proscribiu a pena de morte. Foi, pola Monarquía liberal ter abusado de solucións ditatoriais, que se proclamou a República en 1910. En 1914, a Nación bateuse polo direito.

Perante tales tradicións o regime feixista actual non pasa de crise transitoria que as circunstancias internacionais favoreceron, encontra do interés e do espírito de unha patria admirabel.

(Do "Correio da Manhã", 3 de Agosto de 1946. — Rio de Janeiro).

O Aceite na Hespanha Imperial

Todos creíamos que Hespanha era unha nación eisportadora de aceite. O aceite de oliva hespanhol era famoso no mundo inteiro, e moito de él era mercado por Italia e Franca i eisportado depois por ditos países como de procedencia orixinal. Había, pois, aceite de oliva suficiente para consumir na península e para mandar a fora, e ainda para que outros se puderan gabar de seren produtores.

Oxe non sabemos o que pasará na Hespanha falanxista, cando se ve na necesidade de importalo. Dís que houbo malas colleitas. Posibel é. Entón habería que dicir o que dixo aquel voante: "De Lugo escribe Pascual..."

O que fai falla é que os franquistas teñan a qué agarrarse, como se agarran os lucenses cando se lles perden as colleitas.

Os leitores coidarán que estamos fantaseando ou dicindo "ma canas". Non señores, falamos a pura verdade, supoñendo que seza verdade o que lemos nun telegrama que foi publicado nun xornal desta cidade e que di así:

Madrid, novembro 29 (UP) — Empezaron a llegar a puertos españo-

les cantidades considerables de alimentos enviados por la Argentina en virtud del reciente acuerdo comercial hispanoargentino. Un buque español llejgó a Málaga con 592.000 kilogramos de aceite y 6.000.000 de kilogramos de maíz. En Sevilla se espera para mañana o pasado la llegada de una partida de 5.000.000 de kilogramos de aceite.

España está importando grandes cantidades de aceite comestible, pero, según se anuncia, en esta estación se dispone a exportar un gran porcentaje de aceite de oliva. Se espera que con la llegada del aceite argentino podrá llegar a reunirse cantidad suficiente de aceite de oliva para exportarlo y poder así obtener divisas extranjeras. Durante estos últimos años ha habido en España gran escasez de aceite de oliva, que siempre ha sido una de las grandes fuentes de ingresos del país.

¿Qué harán con tanto aceite? ¿Para outer divisas? Entón haberá que dicirlles aos que se queixen pola escasez de tan preciado xugo: ¡come divisas! O mesmo que lles dician os ricos aos que se queixaban da falta de traballo nos primeiros tempos da República, boicoteada polos que tiñan cartos: ¡Come República!

Bar "QUITA PENAS"

— de —

VAZQUEZ y VAZQUEZ

Reservado para familias
Servicio esmerado y económico

Gral. URQUIZA 602

Frente al Hosp. Ramos Mejía

Camisería de medida fina

FREZOS B6S

BRIGO

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

A Embaixada Republicán Española en Chile

(Ven da pax 5)

éxito se estaba precisamente festexando.

Cando se terminou a esprendida comida, tan ben sazónada, que fai honor á casa que a sirveu, o Sr. Alonso Ríos, no nome de "Galeuzca" ofreceu o agasalho con verbas axeitadas e sinxelas, que foron moi aprauidas polos concurrentes. Escomezou felicitando ao doutor Blasco Garzón polo acerto que había tido para formar a embaixada que fora á nación veciña ostentando a representación non sómentes do goberno de Xiral, senon da Hespaña enteira, pero da verdadeira Hespaña, a dalá, que xaz aferollada, e a que se eistende por todo o mundo, esperando o intre en que se poida reintegrar á patria. Agregou que esa era a forma de encarar todos os problemas hespañoles para que sexan resoltos dun xeito definitivo. Dixo que Galiza, Vasconia e Cataluña, sentíanse satisfeitas e orgullosas de haber tomado parte, en unión do delegado do goberno, que representa a toda a Hespaña, nun aito auspicioso para a democracia e sobre todo para o futuro da nosa patria. Terminou afirmando que "Galeuzca" atópase sempre disposta a colaborar cos gobernos que respeten ás autonomías e que non escatimará sacrificios para lograr a reconquista da República e a eistructuración da Hespaña a base das nacionalidades autónomas.

O doutor Blasco Garzón ergueuse visiblemente emocionado para agradecer o agasalho de que era oúxeto. Despois de adicar unhas verbas galantes ás donas que ornan a reunión, o ilustre ex ministro de Xustiza e cónsul da República en Bós Aires, cunha galanura e unha facilidade de verba, que tivo aos presentes suspensos dos seus beizos durante todo o tempo do seu brillante discurso, dixo que nada tiñan que agradecerlle a él, que, como bó republicán e respetuoso das leis, había limitado a cumprir os deberes que lle impuñan a súa concencia e a Constitución aprobada polas Cortes o ano 31. Agregou que na súa modesta esfera, como home e como delegado do goberno da República, estaba disposto a facer todo o que sexa necesario para establecer unha convivencia republicana, entre todos os grupos que a desexen, para levar a cabo a obra que nos debe mover a todos: reconquistar para a República a Hespaña que oxe está baixo a tiranía feixista.

Historiou a constitución da Misión republicán que foi a Chile, dicindo que, cando recibiu o aviso do goberno indicándolle a formación da dita embaixada, pensou, primeiramente, integrala con homes de partidos; pero tras de maduras reflexións, chegou a comprender que esto orixinaría grandes dificultades e podería tragar incluso rencillas

que a toda costa había que evitar. Entón, como unha lus que acurara de repente a oscuridade, veulle á maxinación a idea de constituir a embaixada, tomando como base a dita constitución do 31, que reconece as autonomías "rexionales ou nacionais", non lle asusta a verba, para dese xeito levar a Chile a representación da Hespaña integral, que ninguén, si era honrado nas súas apreciacións e respetaba as leis da República, podería tachar de artificiosa.

El, pois, asume toda a responsabilidade da forma en que se constituiu a embaixada diplomática que representou ao noso goberno, o cal por outra parte, había otorgado amplas facultades para que obrara con arreglo ao seu criterio, podendo afirmar que había coincidido en tal forma co goberno que este apresurárase a felicitalo por todo o que él fixera. E que si outra vez tivera que intervir no mesmo asunto, do mesmo xeito o resolvería.

Unha longa salva de aprausos pechou o brillante e patriótico discurso do doutor Blasco Garzón, que foi efusivamente felicitado por todos.

Seguidamente, a petición da concurrencia, o doutor Aldasoro pronunciou unhas verbas, que foron escoitadas con moito agrado.

En col d-un tal Cervantes

N-un conto de mala morte — e da mala vida — que escribun aquel "famoso" Miguel de Cervantes Saavedra, titulado "La tia fingida", unha mala prosa con pertensións d-humorismo e que non pasa de ser unha porcalada, pon aquel "inxenio", na boca d-unha vella alehuetada, que lle da instrución á suposta sobriña en col do xeito como ten que tratar os homes e deitarse con eles, unha parrafada das tantas que el escribiu contras galegos e que di así:

"Los gallegos no se colocan en predicamento, por que no son alguien". (o subraido é meu).

Así di o "famoso" Cervantes por boca da alburqueira, despois, e denantes, de facerlle decir todas as virtudes e boas cualidades dos homes dos outros pobos da Iberia, incuso dos portugueses, que tampouco non saen mui ben parados, quizabes porque, téndonos tanta xenreira a nós o "grosioso manco", tamén lle-la tiña a eles por seren algo parentes nosos.

Dos aragoneses, cataláns e valencianos di o Cervantes — fállele a celestina — que son xente "pulida, olorosa..." o que indica que o don Miguel andivo detrás d-eles ulfudolles a roupa, ou o que fose.

O falar mal dos galegos foi unha costume do autor do Quixote como o foi tamén d-outros esquireiros casteláns dos vellos tempos i-ainda o é d-algunhos d-agera os que, turrando pol-a corda que ven arrastre, non-os poden perdoar que seamos mellores qu-eles: son a envexa i-a impotencia as que lles fan falar así de nós.

Eu coído que o tal Cervantes debeu ter algúñ grave desgusto na nosa terra, que algún galego lle debeu dar unha leición mui doiorosa deixándoo en redicolo, ou "como non digan dueñas". D-ehí a súa xenreira i-o seu odio pra nós; d-outro xeito non se explica esa inquina que nos tivo e que puxo de manifesto en moitos dos seus esquireiros.

Quizabes era un galego desleigado, un-adulón dos casteláns, e por elo lle deron unha somanta os galegos e o mandaron a pacer os cómaros de Castela. Os dous conñomes d-él son de verdadeira raíz galega, tanto o Cervantes com-o Saavedra deberon ter o seu bereio en Galicia, coa que algo de común debía ter o manco, sin nin-

do. Glosando partes dos discursos de Alonso Ríos e do doutor Blasco Garzón, dixo que él coídaba que a forma de convivir entre os hespañoles era respetando as leis e costumes de cada país diferenciado, e non querer impor unha política uniforme, que soio enxendra dificultades, inxustizas e odios. Pol-a nosa parte — engadeu — estamos dispostos a tender unha man cordial a todos os que lealmente a queiran estreitar. Finalizou loubando ao doutor Blasco Garzón, cuia política comprensiva e tolerante, produxo o feliz resultado que estábamos naquel intre celebrando.

Todos aprauidiron calurosamente ao doutor Aldasoro, e así terminou o grado xantar que estreitou azos de amizade entre grupos republicáns dun xeito verdadeiramente auspicioso.

A NOSA TERRA felicítase do éxito rotundo que acompañou a todos os aitos reseñados, e felicita cordialmente ao doutor Blasco Garzón polo acerto, a sinxeleza e a brillantez con que cumpriu a súa delicada misión, como xefe da representación dun goberno, que aínda que é a representación da verdadeira, da lexítima Hespaña, non se atopa recoñecido por algunhas nacións, que deberan ser as primeiras en recoñecelo.

A Casa Valeira

Emplazada sóber dun outo, destacábase na lexanía a silueta borrosa, por momentos esfumada, da parte superior dunha casa ou castelo. Ocultába-o hourizonte no mesmo punto en que a perspetiva facía converxer dúas montañas que, separadas por un río, alargaban os seus lombos onduladoos n-aquela dirección.

Proiectándose en forma confusa e permanente, aquela figura acaparaba con frecuencia a atención i o comentario dos rapaces que se xuntaban no ponte, hasta os que había chegado o eco de rumores non exentos de certo misteiro que tanto entusiasman a xente nova. En virtude, pois, de tales feitos, creouse un ambiente de verdadeira curiosidade, que culminou coa decisión de efectuar unha visita en canto a oportunidade se presentara.

Quedaba atrás San Mamed, a aldea de partida, despois de máis dunha hora de marcha sin interrupción primeiro por un camiño destiñado pro tránsito de carros e facenda, despois sorteando os incomentes propios dos estreitos sendeiros da montaña. Víanse xa casi os contornos reás do ouxetivo, levantado nun rellano

da montaña, pero antes de alcanzalo totalmente, debía seguirse pol-a orella o curso dun regueiro que, sin dúbida, levaba o seu transparente líquido a cen prados.

Ningún neno saíu ao encontro da caravana, ningún can denunciou a súa chegada, i eso que polo número i o bullicio constituían compañía notabel.

Detúvose o grupo diante dun caseirón de dúas plantas de amplias dimensións e ancho aleiro; paredes semicubertas pol-a hedra e oscurecidas pol-o tempo; portas e ventanas cerradas, ostentando deplorable estado de conservación. Calle de por medio erguíanse outras construcións menores, visiblemente dependencias da maior. O menos coñecedor advertía axiña o orixen secular e señorial de todo aquilo.

No exterior non se observaba indicio algún de vida humana, i o intento de escudriñar o interior da casa pol-as brechas que presentaba deu resultado negativo. O único contraste que alegraba aquela aldea sin xente ofrecíao a alineación de compaitos e numerosos niños de anduriñas de baixo do proteitor aleiro, cuícos donos revoloteaban nas inmediacións.

Ao voltar era evidente a contrariedade en todos os rostros pol-a ausencia de informantes persoales respecto do abandono d-aquela vivenda, pero...

—A casa valeira?... Ferida por cen buratos non poderá soportar moito tempo o quebranto implacabel e seguro dos elementos. —

—Fai algúns anos — morada feliz de aitivios labregos, donos de varias de estas terras.

Un día entrou por aquelas portas un mozo que voltaba de América, contando raras e fantásticas historias. Os rapaces, influídos xa por outros propagandistas gratuitos, non precisaron moito pra entusiasmarse coa idea de emigrar. (Eso de coñecer mundo e probar sorte era argumento manexado casi sempre eisitosamente para convencer aos maiores). Primeiro marcharon ao novo mundo os dous máis xóvens, non sin a protesta paternal. Un accidente desgraciado levóuse para sempre ao xefe da familia. Os tres fillos restantes — dous homes e unha muller — non tiveron gran dificultade en convencer a súa nai, con máis de medio século. E marcharon iles tamén.

A pena da dora foi grande, indescriptible, envellecendo de tal sorte, que o seu rostro mudaba cada día. Hasta que ao fin a casa quedou sola.

Parentes que viven n-outra aldea fixéronse cárrego dos béns. Dos viaxeiros non hai noticia.

Así refiriu un compañeiro circunstancial do camiño.

Antonio Gómez.

DE ROSARIO

NOVAS AUTORIDADES DA IRMANDADE GALEGA

Rosario é unha das cidades da República Arxentina onde hai máis fervor galeguista. Un grupo entusiasta de irmáns labourea ali pol-a eistensión dos nosos ideaes, i en canta ocasión propicia se lles presenta, non-a desperdician para outar algún beneficio para a causa común.

Unhas vegadas por meio de conferencias, outras con festas e publicacións, sempre están vi-xiantes para que o nome de Galiza brile a unha outura infinda.

O albergue desta galeguitude insobornabel atópase na Irmandade Galega que leva o nome dun dos meirandes poetas da nosa Terra, do poeta emigrado, que andivo longos anos por terras de América; pro que nunca se esqueceu do currunchio onde foi nado; e anque "loixe da terra", os seus versos manaban a pura auga das fontes da montaña, correndo entre carballos e piños para dar vida ás froles que esmaltan os vales verdecentes de Galiza.

Esta entusiasta entidade acaba de renovar a súa comisión directiva, resultando elexidos os seguintes irmáns:

José Alvarez, presidente; José Fernández Pardo, segredario; Valentín Fernández, tesoureiro; Valentín Fernández, Juan Alvarez, Perfecto Curto e José Ares Miramontes, vocaes.

Francisco Blanco

CIGARRERIA POR MAYOR Y MENOR

Av. SANTA FE 1400

U. T. 41, Plaza 0278

Fábrica de Sobres

Fotográficos y Radiográficos para el Comercio y la Industria

Pedro F. Darrigol

M. DE OCA 202 - 3° F.
U. T. 23 - 9081

CELTIC

Déspotas incensáveis,
Forzá, forzádo gúñas;
Póde oprimir o ferro,
Un corpo enfragaçáo,
Mais as nobres idéas,
E gloriosos instintos...
Esas... non pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extinguíras!
Eduardo RONDA

A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

CORREO ARGENTINO
Central B
FRANQUEO PAGADO
Concesión No. 2632
TARIFA REDUCIDA
Concesión No. 2727

Año XXX ★ BÓs AIRES, NOVIEMBRE 1946

★ Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

★ Núm. 453

Breviario da Autonomía A Eisposición de Domingo Maza

(Continuación)

G R E C I A

Vindo ao Ocidente, qu' é o que nos tapa máis de perto, alcontramos ós dous pobos que tanto infruxo exerceron na Historia mundial, e na civilización principalmente. Demáis está de cire que nos referimos á Grecia e Roma. Da primeira ben sabido é como endexamáis constitúe unha unidade estatal rixida nen moito menos. Pola contra, ben característica e coñecida é a súa fragmentación en verda deiros Estados pequenos, ás veces cidades sementes, que polo regular soio tiñan como principal e máis forte velleo unificador o velleo relixioso. A iste propósito compre lembrar as anfictionías ou federacións de cidades que se afincaban no feito da comunidade de mitos e prácticas relixiosas. Corroborando istas manifestacións di Sales y Ferré, seguindo n-isto ás manifestacións de Fustel de Coulanges: "O carácter culminante do mundo helénico é o fraccionamento político, constituindo cada cidade un Estado autónomo e pechado, arredado dos demáis, xiquier fosen veciños, por maior distancia que as fronteiras que hoxe dividen ás nacións". L-engage logo: "Pola comunidade de orixen, lingua, relixión e costumes, as cidades helénicas constituían no século VI, á pesares do seu espallamento e divisións políticas, un todo social, un Estado no que tiña por centro o templo de Apolo en Delfos". A Grecia, pois, aínda no tempo do seu meirande apoxeo intelectual non chega nunca a sere unha organización política unitaria, un Estado uniforme, rixido e centralizado, nen aínda xiquier un verdadeiro Estado. As suas partes integradoras son soberáns dentro de si mesmas e viven unha vida plenamente autónoma. Soio as cuestións que lles afectan por igual as deciden a formaren xuntanzas adicadas a actuaren eiscrusivamente dentro de lindeiros ben sinalados e con fins ben coñecidos e per-cisos.

Termando de non alongare máis ista relación de povos que na antigüidade ocuparon os lugares máis esorguidos baixo todol-os aspectos, resta, samente, falar do povo que tanta relación tivo coa Península Ibérica.

R O M A

A gran organización política que Roma chegou a sere, en ningún momento aparece formando unha unidade coñida, rixida, inalterable, na que todo —xustiza, administración, organismos políticos, etc.—, estea sometido á centralización, á dependencia completa e total de un punto único dende o que se dictan e trazan até as máis cativas normas de marcha, funcionamento e goberno, cal ocorre nos Estados unitarios. Roma, admirabel máquina estatal aparece constituíndose, como todol-os organismos que llexira-mente fican ensamados nas liñas de- nteriores, pola xuntanza, primeira-mente debile, de partes diversas. Ista partes sen perdere ren das suas características difrenzas van, paseniño, constituíndo unha unidade cada vega- da máis perfecta e cada vega- da máis potente i-eficaz: unha unidade afincada decote no acoplamento, na xusta posición dos elementos integradores que permite a súa persistenza sen se confundiren.

Roma, modelo de grandes Estados, admirabel eispresión da magna potencia- lidade á que unha sociedade política pode chegare, non foi nunca un Estado unitario.

A corroboración prena e autorizada das manifestacións precedentes con re-

por V. P.

lación a Roma, se acha nas verbas de Pi Margall qu-engadimos a seguido. Din eisi: "Os povos deben seren do- nos de si mesmos. Contra dos eistranos que os dominan, enxergo eu, como os antigos románs, que teñen constante dereito: "Adversos hosten a eterna au- toritas esto". As veces os povos re- nuncian a iste dereito contra os seus domiñadores: podendo rechazarlos nonos rechazan. Ollemos cando acon- tece. Sucede cando, asimilabais domi- ñadores e domiñados pola identidade ou a afinidade de raza, chegan ao lon- go a fundírense. Acontece cando ista forza de asimilación, lonxe de vir con- trariada, ven favorecida pola política dos gobernos; cando os gobernos esta- brescen igualdade de condicións e de dereitos pra domiñados e domiñadores. Sucede principalmente cando os domi- ñadores respetan a autonomía dos po- vos vencidos e non-a empequeñecen se- non pra dirección e o réxime dos in- tresses comúns. Desaparecen entón os signos da dominación, acóitase de bon grado o que pola violencia se impuxo; e si non cesa o dereito contra os con- queridores, esguécese polo menos a ra- zón d'exercelo".

"Por isto, italiáns, franceses, hespa- ños e gregos, foron ao fin románs; por isto nós máis tarde nos identifica- mos cos godos; por isto hoxe povos xunguidos de onte á república de Wás- hington viven con ela voluntariamente e non embargantes a diversidade de raza e de lingua".

Coincidentes cas manifestacións de Pi Margall, son istas do autorizado

publicista Gonzalo de Reparaz: "Ao se finire o século II, denantes de Cris- to, o territorio da República román comprendía comarcas de tres cate- gorías: primeira, Roma; segunda, Italia; terceira, os conquermientos eisteriores. Cada unha contiña outras, Roma era nemiga da homoxeneidade: domiñaba dividindo aos seus súbditos, e os divi- día faguéndolles perpetuamente des- ignaes. Os políticos das nacións romá- nicas que coidaron seguiren a tradi- ción román construíndo compactas na- zóns uniformes, trabucáronse gran- demente. Non sabían Historia. Coñe- cían, si acaso, o dereito escrito; máis non a constitución román viva. Roma non uniformiza até qu'envellece. A tendencia á uniformidade é unha an- quilosis producida por causas econó- micas".

Como se olla por todo o devandito, se non atopan no mundo antigo, por ningures, ise unitarismo estatal ate- gado de rixidez, esgotador das froiti- feras variedades, uniformador e asi- milista que tantos, por causas que non queremos calificar, defenden na Hes- paña con enrabexamento diño de mil- lio causa. Hai que vire aos nosos días, e con preferenza á Hespaña, creación dos Reises Católicos, pra atopármolos con unha unificación estatal feita a base da desaparición de toda varieda- de, aínda a máis pequena, e coa ollada posta no estúpido tencionamento de re- ducirse o naturalmente diverso a un patrón único, feito co fin abraiante d'enmendarlle a prana á natureza, bo- rrando até as máis cativas difren- zas.

(Continuará)

(DO CANCIONEIRO DA NOSA LOITA)

¡Eu Tiña Tres Soles!

(ROMANCE DA NAI DORIDA)

1

Eu tiña tres fillos,
tres soles eu tiña.
Eran meu orgullo,
a riqueza miña!

Encanto das mozas,
dos homes cobiza,
mozos tan variles,
outros non había.

Altos coma pinos,
ceibos de maliza,
dos rezos carballos,
a fortaleza tiñan.

Daba xenio velos
cand'os tres saían
vestidos de festa
cara ás romarías.

¡E traballadores?
Non porqu'eu o diga,
mais nunca souberon
o qu'era preguiza.

Na súa compañía,
¡qué garbosa eu ía!
Ai, eran tres soles,
a riqueza miña!

2

Os ventos trouxeron
as novas da vila.
Falaban de cousas
qu'espanto poñían.

★

por

RAMON REY BALTAR

★

Soldados perxuros,
con dolo e perfidia,
fixéranse donos
de bens e de vidas.

O povo, enganado,
namentras, morría,
os puños erguendo
aos ceos con ira.

O señor abade
predicou na misa
que agora, salvada,
Hespaña sería.

Ben falou o crego,
¡unha maravilla!
mais a min quedoume
cravada unha espiña.

Pra salvarse Hespaña,
¡quén s'afogaría?
I-eu tiña tres fillos,
a riqueza miña!

3

Cal famentos tobas,
as hordas feixistas
oveando entraron
na aldea tranquila.

¡Ai, Santiago Apóstole!
¡María santísima!
¡O que ven meus ollos!
¡Mouros en Galiza!

Os homes pr'os montes
fuxiron axiña.
As mulleres soías
ficaron, ¡probiñas!

Leváronnos todo:
os bois, a vaquiña,
o millo, as patacas,
o porco, as galiñas...

Pero, a pesar d'elo,
contábame rica.
O maior tesouro
quedábame aínda.

Chamaron á porta,
abrin de seguida.
Tres corpos sangrentos,
¡ai, no cham ración!

¡Perdín os meus soles!
¡A riqueza miña!
¡E non teño nada!
¡Pra que quero a vida!

nar tan ben os seus artigos e conferencias.

Dez e oito son as obras que presentou Domingo Maza, todas elas impregnadas do realismo que caracteriza ás creacións do escultor galego. Todas son diñas de ser loubadas, pero ante elas destácase un Cristo de marfil, cravado nunha crus de palisandro, cuia faz doorosa e cuíus membros crispados pola agonía, relembra os seus sufrimentos no calvario.

Un San Francisco, estilizado, como espírito que quixera des- prenderse da envoltura carnal para alcanzar o ceo, produce emoción de infindo i eternidade.

Un cego, vestido de longa capa i empuñando un violín que se deixou escoitar en feiras e romerías, entre piños e carballos ar- cestraes, por vales e montañas, fálalos daqueles vellos tropeiros que percorrían os camiños e can- taban cancións de amor baixo as ventanas dos castelos ou na cá- mara de príncipes e reis enamo- rados.

Unha peixeira, de robustas pernas e corpo rexo, leva unha cesta de peixe na cabeza coa gracia e a solidez dunha cariá- tide que sostivera a cornisa dun templo grego.

Quinquela Martín, o celebrado pintor boquense, elixeu para o Museo do barrio o grupo tiduado "Perdón" e a talla en madeira, alarde de técnica, "Danzarina", que impresiona polo verismo que se desprende da figura, cunha forza de ritmo e movemento sorprendentes.

A madeira que foi tidua- da "Fecundidad", unha vigorosa nai que ten prendidos dos pei- tos a dous recéns nados, toda ela respira forza e xenerosidade. Recórdanos a Galiza, a terra pródiga, que espalla polo mundo aos seus fillos, sen agotarse en- dexamáis o seu manantial pro- lifico nin amosstrar a menor de- bilidade por elo.

Con gosto falaríamos de to- dal-as obras eispostas, porque to- das merecerían ser sinaladas, xa que todas elas teñen o selo do seu creador, que lles infun- deu a súa alma de artista; pero as eixencias dos artigos perio- dísticos, que non deben ser moi longos, para que sexan leídos, fórzanos a remiñar dicindo que ningunha hai que non desperte no ánimo do que a contempla a emoción artística precisa que o escultor quixo dar á súa figura.

Moito nos congratulamos do trunfo do noso distinto irmán Maza e cordialmente o felicita- mos polo éxito rotundo da eis- posición que acaba de celebrar.

LEA E DIFUNDA

A NOSA TERRA
PERIODICO AUTENTICO
GALEGO. QUE DEFENDE
A AUTONOMIA DE GA-
LIZA